Año Europeo del **Envejecimiento Activo**
y de la **Solidaridad Intergeneracional** 2012





# Caderno de apoio á comunicación co paciente







GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE SANIDAD, SERVICIOS SOCIALES E IGUALDAD
IMSERSO
Centro de Referencia Estatal de Autonomía Personal y Ayudas Técnicas

**CADERNO DE APOIO Á COMUNICACIÓN CO PACIENTE**.
Comunicación no ámbito hospitalario e/ou consulta médica.
Incluído no Proxecto de apoio á comunicación con persoas maiores e persoas maiores con minusvalía **"Yo te cuento, cuenta conmigo", coordinado polo CEAPAT-IMSERSO,** dentro do Ano Europeo do Envellecemento Activo e a Solidariedade Interxeracional.


**Coordinadora do proxecto e do caderno de comunicación:**
Clara Isabel Delgado Santos. Logopeda. CEAPAT-IMSERSO

**Colaboradores e/ou participantes no proxecto** *(orde alfabético individual e por entidade)***:**
Ángela Vigara Cerrato. Terapeuta Ocupacional. CEAPAT-IMSERSO. Madrid.
Candelaria Imbernón López. La Salle Centro Universitario Campus Madrid.
Clara de la Cruz Butiñá. Logopeda. Hospital Virgen de la Poveda. Madrid.
Cristina Arias Calderón. Logopeda. Unidade de Dano Cerebral do Hospital Beata María Ana de Madrid.
Cristina de la Orden Acevedo. Logopeda. Unidade de Dano Cerebral do Hospital Beata María Ana de Madrid.
Dolores Abril Abadín. Psicóloga e Responsable de Área. CEAPAT-IMSERSO. Madrid.
Eloísa Garrandes Maroto. Asociación ADAMAR. Madrid.
Eva María García-Miguel Berrio. Terapeuta Ocupacional. Centro de día APAM. Madrid.
Isabel Ruiz Coll. Logopeda IMSERSO. Madrid.
José Luis Acevedo Pérez. Logopeda. Instituto Provincial de Rehabilitación. Hospital Xeral Universitario Gregorio Marañón. Madrid.
Libertad Álvarez Ramírez de Verger, Traballadora Social; Grupo de Residencias para Maiores Adavir. Madrid.
Lidia Abades Hernández, Terapeuta Ocupacional; Grupo de Residencias para Maiores Adavir. Madrid.
M ª Eugenia Hernández Alonso. Terapeuta Ocupacional. Madrid.
Milagros García Aguado. Logopeda. Centro de día APAM. Madrid.
Mireya Gallego Díaz. Logopeda e Terapeuta Ocupacional. Rehabilitación do Hospital Fundación Jiménez Díaz e M&M Centro de Psicoloxía e Logopedia. Madrid.
Patricia Ontiveros Fernández de Retana. Logopeda. Unidade de Dano Cerebral do Hospital Beata María Ana de Madrid.
Rocío Fernández-Durán Mazzuchelli. Psicóloga Clínica. Directora do Centro APAI (Atención Psicolóxica Aplicada Integral). Madrid.
Susana Soria Muñoz. Logopeda. Hospital Nacional de Parapléxicos. Toledo.
Teresa Millán Pacheco. Asociación DATO. Centro DATO I. Madrid.
Centro de día- Fundación Simón Ruiz de Medina del Campo. Valladolid.
Centro de Rehabilitación Interdisciplinar para Lesións Neurolóxicas e Centro de día INTEGRA DAÑO CEREBRAL. Murcia.
Centro Madrigal. ASPRODES (FEAPS Salamanca).

**TRADUCIÓN AO GALEGO:** Mª Cruz da Silva Rubio



**Data de publicación na web:** Novembro de 2012
Pictogramas: CATEDU (http://catedu.es/arasaac/), baixo licencia Creative Commons e creados por Sergio Palao
**Agradecementos:**
David Romero e José Manuel Marcos (ARASAAC), por todas as súas ideas e por permitirnos utilizar o "Libro de Salud" do Portal ARASAAC como base para a edición deste documento.

**Coa colaboración de:**

CENTRO ARAGONÉS de TECNOLOGÍAS para la EDUCACIÓN

## En ocasións pode haber dificultades para entender que lle pasa ao paciente, porque ten problemas para expresarse falando ou por escrito.

Estas **dificultades poden ser puntuais**, debido á situación de saúde que nese momento ten o paciente.

**Por exemplo**, en situacións de intubación, uso de respirador, máscara de osíxeno, prescrición de repouso vocal, larinxectomías totais, etc.

Nestes casos, o paciente pode utilizar un caderno para escribir o que lle acontece. No obstante, ás veces **tamén concorren problemas de mobilidade** ou a situación do paciente impide o uso da escritura.

**Por exemplo**, debilidade muscular nos brazos, dificultade para utilizar as súas mans debido a unha vía intravenosa ou porque está tombado na cama (*ás veces persoas autónomas para escribir sentadas non poden facelo se están tombadas*), etc.

Tamén pode acontecer que o paciente **non saiba escribir**, ou **prefira usar pictogramas para axilizar a súa comunicación**.

*Un pictograma é un debuxo que representa un obxecto ou unha acción.*

Estas **dificultades poden ser debidas ás características do paciente.**

Algunhas **persoas con discapacidade** presentan dificultades na linguaxe oral ou incluso ausencia do mesmo.

Nestes casos, é posible que xa conten con un Sistema Alternativo de Comunicación, pero **poden carecer do vocabulario necesario** durante a súa estancia hospitalaria ou na consulta médica.

Ou pode ocorrer que a persoa teña **dificultades de audición**.

Nestes casos é moi importante **asegurarse que a persoa entende a pregunta** que se lle fai.

Estas **dificultades poden ser debidas ao descoñecemento do idioma**.

En ocasións, o paciente **descoñece o noso idioma.**

**Nestes casos,** é necesario **usar unha forma alternativa para comunicarse** co paciente e así coñecer que lle acontece.



Os familiares tamén poden encontrar dificultades para comunicarse cos seus seres queridos.

Apoialos nesta situación é vital mentres dure a estancia no Hospital ou durante a consulta médica.



**Contar cun Sistema Alternativo de Comunicación facilitará coñecer que lle acontece ao paciente e así atendelo mellor.**

# O que ten nas súas mans é un CADERNO DE COMUNICACIÓN.

**Sirve como apoio para que o paciente poida contar o que lle pasa e así poder axudalo mellor.**

## Coñecer o caderno de comunicación

**De tempo ao paciente para coñecer os pictogramas, entender o que significan e aprender a usalos.**

Para iso, **explique ao paciente:**

- **QUE É** o caderno de comunicación
- **PARA QUE** serve

Para iso, **acorde co paciente:**

- **COMO VAI A RESPONDER SI E NON**
  Por exemplo: pechar/abrir os ollos; levantar/baixar dedo u man; usar a lámina SI/NON, etc.
- **COMO SE USA O CADERNO**

**Lea atentamente** nos seguintes apartados como utilizar o caderno segundo a situación do paciente:

- **Pode sinalar** por si mesmo na páxina.
- **Non pode sinalar** por si mesmo na páxina.
- **No oe** ben ao seu interlocutor ou **descoñece** o idioma

## Individualizar o caderno de comunicación

A primeira folla do caderno contén o **nome** do paciente e a **maneira acordada** para que **responda SI/NON.**

**Así, calquera interlocutor que queira falar co paciente saberá como facelo.**

**E o paciente sentirase mais seguro á hora de expresarse.**

**Engada as fotos** das persoas coas que mais relación ten o paciente.

**Así será mais fácil saber a quen se refire.**

**Engada o vocabulario** que o paciente poida necesitar.

**Así o caderno estará personalizado.**

*Pode engadir os pictogramas, descargando estes do Portal ARASAAC:* [*http://catedu.es/arasaac/*](http://catedu.es/arasaac/)

## Coidar o caderno de comunicación

O caderno de comunicación é un apoio para saber:

- **QUE** lle pasa ao paciente,
- **COMO** se sinte
- **QUE** necesita.

É importante conservar o caderno en bo estado, dado que será…

A súa voz…





En ocasións é moito mais útil dispor previamente dun sistema de comunicación alternativo, se sabemos antes que o paciente terá dificultades para comunicarse oralmente durante a súa estancia hospitalaria.



OLLO!
SEGA SEMPRE AS RECOMENDACIÓNS E INTRUCIÓNS DOS PROFESIONAIS

# Como utilizar O CADERNO DE COMUNICACIÓN?

## Se o paciente **pode sinalar** os pictogramas

- Estableza un **código de resposta SI/NON** co paciente. Se tes dúbidas para buscar a mellor opción, pida axuda ao persoal sanitario ou utilice a folla SI/NON do caderno, se o paciente pode ver ben o seu contido.
- **Apúnteo** na primeira folla. Será de axuda para calquera persoa que queira falar co paciente.
- **Coloque o caderno axeitadamente**, de forma que o paciente poida **ver e sinalar os pictogramas con facilidade.**
- Ao principio, para **facilitar** que o paciente **comprenda o significado dos pictogramas**, vostede pode sinalarllos **ao tempo que fala** co paciente. Así, o paciente familiarizarase cos pictogramas e será mais áxil para localizar o que necesita.
- **Cando o paciente queira dicirlle algo,** espere a que busque la páxina adecuada ou axúdelle nesta tarefa, si é necesario.
- Espere a que o **paciente encontre o pictograma da mensaxe que nos quere transmitir e o sinale.**
- Diga en voz alta o significado dos pictogramas para verificar que **iso é o que o paciente quere dicirlle.**
- Si era a mensaxe adecuada, a comunicación foi un éxito. Se non é así, intente realizar preguntas ao paciente, relacionadas cos pictogramas que sinalou e espere novamente as súas respostas.



¡OLLO!
SIGA SEMPRE AS RECOMENDACIÓNS E INSTRUCIÓNS DOS PROFESIONAIS

## Como utilizar o CADERNO DE COMUNICACIÓN?

### Se o paciente **non pode sinalar** os pictogramas

- **Estableza un código de resposta SI/NON** co paciente. Se tes dúbidas para buscar a mellor opción, pida axuda ao persoal sanitario ou utilice a folla SI/NON do caderno, se o paciente pode discriminar ben o seu contido. **Apúnteo** na primeira folla. Será de axuda para calquera persoa que queira falar co paciente.

- Ao principio, para **facilitar** que o paciente **comprenda o significado dos pictogramas**, vostede pode sinalalos **ao tempo que fala** co paciente. Así, o paciente familiarizarase cos pictogramas e será mais áxil para localizar o que necesita.

- **Coloque o caderno** de forma que o paciente poida **ver os pictogramas sen dificultade.**

- **Para axudar ao paciente a localizar o pictograma que necesita**, pase as páxinas unha a unha e pídalle que cando chegue á páxina que desexa, responda “si”. **Confirme** que se encontra na páxina adecuada antes de continuar. (P.e O que me queres dicir está nesta páxina?)

- Cando o paciente se **familiarice coa situación dos pictogramas**, pode utilizar as **pestanas** de cada folla para preguntar o lugar do mesmo. **Sinale cada pestana** dunha en unha e diga en voz alta o seu contido. (P.e. O que me queres dicir está en “aseo e necesidades”?)

- Os pictogramas están colocados dentro de **bloques de cor**. Unha vez na páxina correcta, **sinale cada bloque co dedo ou pregunte que cor ten o bloque onde está o pictograma.** Iso axudará ao paciente a localizalo. Espere a que responda “si” **cando sinale** o bloque que o paciente desexa. **Confírmeo** antes de continuar. (P.e ¿O que me queres dicir está neste bloque (ou, na cor “x”)?. Sinale o bloque co dedo)

- **Cada bloque contén varios pictogramas**. Sinale un a un ao tempo que di en voz alta o significado, para que o paciente responda “si” cando diga/sinale o pictograma que representa o que quere dicir. **Confírmeo co paciente**. (P.e. O que me queres dicir é…?)

- Si era a mensaxe adecuada, a comunicación foi un éxito. Se non é así, intente realizar preguntas ao paciente, relacionadas cos pictogramas sinalados e espere novamente as súas respostas.



¡OLLO!
SIGA SEMPRE AS RECOMENDACIÓNS
E INSTRUCIÓNS DOS PROFESIONAIS

# Como utilizar os taboleiros de letras e números?



En ocasións é **mais rápido sinalar un pictograma que escribir ou deletrear unha palabra.**
Por ese motivo, aínda que o paciente poida escribir, o **uso dos pictogramas axilizará a comunicación.**
Isto é **moi importante en situacións de emerxencia**, por exemplo, en mensaxes tipo: "Maréome"

**Cando o paciente coñeza a escritura, pero debido a dificultades de mobilidade non poida escribir,** pode usar estes taboleiros para **deletrear unha palabra.**

É importante **decidir co paciente**:

- O acordo para a súa **resposta SI/NON**
- Determinar **se sinalará no taboleiro ou será o seu interlocutor quen sinale por el ou ela.**
- Acordar **que taboleiro dos modelos propostos** lle resulta mais cómodo para ver/sinalar as letras.
- **Contar cunha pequena caderno e un lapis** para ir anotando as letras que sinala/indica o paciente.
- Acordar como ir preguntando ao paciente a letra que necesita, no caso de que non poida sinalar directamente:

Por exemplo: Preguntar se a letra que quere é: vogal ou consoante?, para posteriormente ir sinalándolle as letras hasta que confirme a que necesita.

Por exemplo: Ir indicándolle os bloques correspondentes ás vogais ou ás consonantes e ir confirmando as eleccións do paciente.



¡OLLO!
SIGA SEMPRE AS RECOMENDACIÓNS E INTRUCIÓNS DOS PROFESIONAIS

## Como utilizar o CADERNO DE COMUNICACIÓN?

Se o paciente **non oe** o que lle din ou **descoñece o idioma**

■ **Se o paciente ten PROBLEMAS DE AUDICIÓN,** pero un falar entendible, é posible que se dirixa a vostede verbalmente. Tamén pode necesitar un intérprete de Lingua de Signos, no caso de que esta sexa a súa modalidade comunicativa.

Se **vostede se dirixe ao paciente** e non conta con un intérprete de Lingua de Signos ou o paciente non utiliza esta modalidade, apóiese nunha **alternativa de comunicación** para chegar a un entendemento co paciente.

- Pode escribir  a súa pregunta, se o paciente sabe ler.
- Se o paciente non sabe ler, busque o pictograma - clave para a súa pregunta e sináleo ao tempo que se expresa verbalmente. *Por exemplo, sinale o pictograma "dor" para preguntar que lle doe.*
- Siga sempre as instrucións sobre como utilizar o caderno de comunicación, tanto se é o paciente quen sinala os pictogramas, como se o fai o interlocutor.

■ **Aínda que o paciente DESCOÑEZA O NOSO IDIOMA é** posible que intente dirixirse a vostede verbalmente se coñece algunhas palabras. Tamén pode necesitar un intérprete para a súa tradución.

Se **vostede ten que dirixirse ao paciente** e non conta con un intérprete, apóiese nunha **alternativa de comunicación** para chegar a un entendemento co paciente.

- Recorde que cada idioma e cultura pode facer o xesto de "si" e "non" de forma diferente. Descubra como responde o paciente de forma afirmativa e negativa.
- Busque o pictograma - clave para a súa pregunta e sináleo ao mesmo tempo. Faga a pregunta en voz alta se o paciente entende algunhas palabras. Pronuncie claro e pausado, con unha estrutura sinxela.
- Ofreza ao paciente o caderno de comunicación como **un medio para que poida explicar o que lle pasa.**
- Siga sempre as instrucións sobre como utilizar o caderno de comunicación, tanto se é o paciente quen sinala os pictogramas, como se o fai o interlocutor.

# Caderno xeral de apoio á comunicación

C E A P A T

**Nome do paciente:** ..........................................................................

**O paciente responde si/non** *(escriba neste espazo o acordo de comunicación co paciente para as respostas si/non)*

...............................................................................................................

**Sinale cunha cruz como usará o caderno o paciente:**

- ☐ O paciente, para entender mellor a mensaxe, necesita que apoiemos as nosas palabras sinalando o pictograma correspondente
- ☐ O paciente sinala directamente os pictogramas
- ☐ O paciente non pode sinalar. O interlocutor debe ir sinalando os pictogramas hasta que o paciente confirme o que necesita
- ☐ Utiliza o taboleiro alfanumérico. Cal? ..................................................

Para utilizar mellor o caderno de comunicación, precisa: *(por exemplo, lentes, incorporarse un pouco, colocar o caderno nunha mesa, apoiar o cóbado ou o antebrazo, etc.)*

...............................................................................................................

...............................................................................................................

C E A P A T



Estou de acordo



si



Non estou de acordo



non

# Quero falar con ...

(pegue a foto e/ou escriba o nome das persoas coas que mais relación ten o paciente. Imprima a folla cantas veces sexa necesario para completar o vocabulario)



Outras persoas

# PROFESIONAIS

Escolle primeiro unha destas opcións

**Chamar a…** 

**Quero falar con…** 

Si é necesario, escriba aquí o nome do médico, da especialidade do profesional que o está atendéndoo ou faga debuxos que os representen, a fin de que o paciente poida utilizalos para referirse a el/ela


doutor/a


ciruxano/a


enfermeiro/a


auxiliar


terapeuta ocupacional


logopeda



traballador /a social


fisioterapeuta


celador/a


limpador/a



Escolle primeiro unha destas opcións

**Estou con...**

**Sinto...**


cansanzo


insomnio

# QUE CHE PASA?

Escriba/debuxe neste espazo os síntomas do paciente que non estean incluídos na páxina. Separe os elementos entre si.

**SÍNTOMAS**


vomitar


diarrea


estrinximento






gases


tose


calafríos


mocos


esputos


febre


suores


comechón



impo


vou a desmaiarme


non podo respirar


mareo


taquicardias


calor


anxinas


farinxite

# PETICIÓNS

**Escolle primeiro unha destas opcións**



**Quero**



**Non quero**



comer



beber



deitarme



levantarme



durmir



andar



sentarme

Escriba/debuxe neste espazo as necesidades do paciente que non estean incluídas na páxina. Separe os elementos entre si.



ver a tele



apagar a tele




cambiar de canle



poñer o aire acondicionado



quitar o aire acondicionado



mandar un sms



chamar por teléfono a…



ler



escoitar música




silencio



ver a…



recibir visitas



lapis e papel

# ROUPA E ACCESORIOS

**Escolle primeiro unha destas opcións**



Quero...
- por
- mudar



Quero sacar



pixama



bata



pantalón



camiseta



xersei



chaqueta



sostén



bragas



calzón



faixa



pano



medias



calcetíns



zapatillas



zapatos



lentes



audífono



xoias



reloxo



goma do cabelo



perruca



ortodoncia



dentadura postiza

Escriba/debuxe neste espazo os nomes das prendas de vestir e accesorios que poida demandar o paciente e que no estean incluídos na páxina. Separe os elementos entre si.

**ROUPA**

# NA HABITACIÓN

## Na cama...


deitarme


erguerme


arrouparme


desarrouparme


almofada


saba


manta

## No sofá...


sentarme


erguerme


estirar as pernas


colocarme porque me escorro

## Posición


subir


baixar


subir


baixar


porme boca abaixo


porme boca arriba


cambiar de postura

Escriba/debuxe neste espazo os nomes das necesidades que poida demandar o paciente e non se inclúan na páxina. Separe os elementos entre si.

## Peticións


baixar a persiana


subir a persiana


abrir a ventá


pechar a ventá


apagar a luz


abrir a porta


pechar a porta


prender a luz

# SENTIMENTOS. QUE SENTE?


medo


enfado



preocupación



non entendo o que pasa


tristura


aburrimento



incerteza


debilidade


terror


nervios


dor


cansazo


alegría


ben de saúde


forte


felicidade

Escriba/debuxe neste espazo as expresiónss emocionais que poida sentir o paciente e que non estean incluídos na páxina. Separe os elementos entre si.

# COUSAS...


esparadrapo


tirita



algodón


venda


desinfectante



alcohol



pomada


inhalador


panos de papel


toalliñas húmidas


máscara


cadeira de rodas


bastón


andadeira


muleta


armario


carriño


armario pequeno


mesa

Escriba/debuxe neste espazo os nomes de obxectos que poida demandar o paciente e que non estean incluídos na páxina. Separe os elementos entre si.

# Na comida...


vaso


prato


cubertos


bandexa


pano da mesa


bebida

# CANDO?

## Día da semana




luns




martes




mércores




xoves




venres




sábado




domingo

## Momento do día



pola mañá



ao mediodía



pola tarde



pola noite

## Mes do ano




Xaneiro




Febreiro




Marzo




Abril




Maio




Xuño




Xullo




Agosto




Setembro




Outubro




Novembro




Decembro

## HORA

**UTILICE A ESFERA PARA QUE O PACIENTE POIDA INDICARLLE UNHA HORA CONCRETA. PRIMEIRO PREGUNTE AO PACIENTE POLA HORA, ENUMERANDO DO 1 AO 12 E SINALANDO OS NÚMEROS NA ESFERA. DESPOIS PREGUNTE POLOS MINUTOS ENUMERANDO AS FRANXAS DE 5 MINUTOS (E 5, E 10, E CUARTO, ETC)**




Escriba/debuxe neste espazo AS CITAS mais importantes polas que poida preguntar o paciente. Separe os elementos entre si.

**CALENDARIO**

# RELIXIÓN


rezar


ir á misa


confesar


comungar


a Biblia


rosario


igrexa


cura


Xesucristo


virxe


santo


santa

Escriba/debuxe neste espazo as palabras relacionadas coa relixión do paciente e que poida necesitar comunicar. Separe os elementos entre si.

**UTILICE ESTE ESPAZO PARA ESCRIBIR/DEBUXAR AS PALABRAS RELACIONADAS COA RELIXIÓN DO PACIENTE, NO CASO DE SER DISTINTA Á REPRESENTADA COS PICTOGRAMAS DESTA PÁXINA.** Separe os elementos entre si.

(Pegue o pictograma e/ou escriba as palabras mais útiles para a persoa dada a súa situación e que non aparecen nos taboleiros incluídos). IMPRIMA O NÚMERO DE COPIAS QUE NECESITE HASTA COMPLETAR O VOCABULARIO

**PERSOAL**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a | e | i | o | u |

| | | | |
|---|---|---|---|
| b | c | ch | d |
| f | g | h | j |
| k | l | ll | m |
| n | ñ | p | qu |
| r | rr | s | t |
| v | w | x | y |
| fin | | Outra palabra | z |

LETRAS

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a | e | i | o | u |

| | | | |
|---|---|---|---|
| b | j | p | v |
| c | k | qu | w |
| ch | l | r | x |
| d | ll | rr | y |
| f | m | s | z |
| g | n | t | |
| h | ñ | Outra palabra | fin |

LETRAS

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a | e | i | o | u |

| | | | |
|---|---|---|---|
| b | c | ch | d |
| f | g | h | j |
| k | l | ll | m |
| n | ñ | p | qu |
| r | rr | s | t |
| v | w | x | y |
| fin | | Outra palabra | z |

LETRAS

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a | e | i | o | u |

| | | | |
|---|---|---|---|
| b | j | p | v |
| c | k | qu | w |
| ch | l | r | x |
| d | ll | rr | y |
| f | m | s | z |
| g | n | t | |
| h | ñ | Outra palabra | fin |

LETRAS

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A | E | I | O | U |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B | C | CH | D |
| F | G | H | J |
| K | L | LL | M |
| N | Ñ | P | QU |
| R | RR | S | T |
| V | W | X | Y |
| FIN | | OUTRA PALABRA | Z |

LETRAS

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A | E | I | O | U |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B | J | P | V |
| C | K | QU | W |
| CH | L | R | X |
| D | LL | RR | Y |
| F | M | S | Z |
| G | N | T | |
| H | Ñ | OUTRA PALABRA | FIN |

LETRAS

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A | E | I | O | U |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B | C | CH | D |
| F | G | H | J |
| K | L | LL | M |
| N | Ñ | P | QU |
| R | RR | S | T |
| V | W | X | Y |
| FIN | | OUTRA PALABRA | Z |

LETRAS

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A | E | I | O | U |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B | J | P | V |
| C | K | QU | W |
| CH | L | R | X |
| D | LL | RR | Y |
| F | M | S | Z |
| G | N | T | |
| H | Ñ | OUTRA PALABRA | FIN |

LETRAS

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 0 | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 0 | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |

**CEAPAT – IMSERSO**

C/ Los Extremeños 1 (Esquina Avda. Pablo Neruda)
28018 Madrid
Tel. 91 703 31 00
Fax. 91 778 41 17
ceapat@imserso.es
www.ceapat.es

Pode enviarnos as súas ideas ou suxestións para mellorar o caderno de comunicación a:

Correo electrónico: ayudastecnicas.ceapat@imserso.es
Asunto: Caderno de apoio á comunicación co paciente









GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE SANIDAD, SERVICIOS SOCIALES E IGUALDAD
IMSERSO
Centro de Referencia Estatal de Autonomía Personal y Ayudas Técnicas